

## **Regulamento dos traballos fin de grao (TFG) da titulación de Grao en Turismo impartida na Facultade de Turismo da Universidade da Coruña**

PREÁMBULO .....	1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais .....	1
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	1
Artigo 2. Normativa aplicable .....	2
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG.....	2
Artigo 3. Matrícula do TFG.....	2
Artigo 4. Realización do TFG .....	2
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados.....	3
Artigo 5. Oferta e asignación do TFG .....	3
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos.....	5
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación .....	5
Artigo 7. Defensa do TFG .....	5
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG.....	7
CAPÍTULO V. Disposicións finais.....	8
Disposición derogatoria. Derrogación normativa.....	8
Disposición final primeira. Habilitación .....	9
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	9

### **PREÁMBULO**

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de grao na titulación de Grao en Turismo impartida na Facultade de Turismo.

### **CAPÍTULO I. Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFG na titulación do Grao en Turismo impartida na Facultade de Turismo da UDC.
2. Será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia TFG das titulacións da Facultade de Turismo reguladas por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.

## **Artigo 2. Normativa aplicable**

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

## **CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG**

### **Artigo 3. Matrícula do TFG**

1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme os créditos que teñan asignados.
2. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.
3. Os/as estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFG mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.
4. A matrícula dará dereito á defensa do TFG en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado o/a alumno/a, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.
5. No caso de que o/a estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

### **Artigo 4. Realización do TFG**

1. O TFG supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do PDI da UDC ou dalgunha das universidades participantes no caso de programas de mobilidade, que actuará como director/a do traballo.
2. O TFG ten como obxectivo esencial a demostración, por parte do/a estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de grao.

Os temas que se propoñan para a realización do TFG, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberá poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos créditos ECTS asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza.

3. O director/titor do TFG será responsable de:
  - a. Elaborar ou propoñer temas para a oferta de TFG do centro para cada curso académico.
  - b. Expoñer ao estudantado as características do traballo e orientalo no seu desenvolvemento.
  - c. Realizar un seguimento da elaboración do traballo e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
  - d. Revisar a documentación depositada polo estudantado e, de ser o caso, deixar constancia de observación académicas.
  - e. Valorar o traballo consonte ao establecido no art. 8.
4. A estrutura do traballo será a establecida no anexo I.

### **CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados**

#### **Artigo 5. Oferta e asignación do TFG**

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFG, determinado pola xunta de centro, é a comisión de TFG.

As súas funcións principais serán:

- a. Asegurar a aplicación do presente regulamento e da normativa xeral da UDC.
  - b. Examinar e validar as ofertas e distribución das direccións de TFG elaboradas pola coordinación do grao.
  - c. Aprobar os prazos de publicación de ofertas, inscrición do alumnado, asignación, depósito e defensa ao inicio de cada curso académico.
2. A oferta e asignación do TFG realizaranse exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:
    - a. A Comisión de TFG determinará ao inicio de cada curso académico o calendario para a oferta, solicitude e asignación dos temas de TFG.
    - b. O profesorado a tempo completo remitirá a súa oferta de temas para a oferta xeral que incluíra catro temas/liñas de TFG. O profesorado a tempo parcial tamén pode realizar esta oferta, máis non está obrigado a facela.

- c. O estudiantado solicitará a asignación por orde de preferencia (ate un máximo de dez temas e/ou directoras/os) coa data límite establecida no calendario.
  - d. Para dirimir as prioridades na elección de tema e/ou de director/a utilizarase como criterio a cualificación media do expediente académico da/o estudante. Se se esgotasen as liñas escollidas polo estudiantado, anunciarase un novo prazo para escoller entre as liñas con vacantes.
  - e. O Centro aprobará e fará pública a listaxe provisional cos temas, cos directores ou directoras e o estudiantado asignado a cada tema.
  - f. Rematado o prazo de reclamacións e resoltas as mesmas, o Centro publicará a listaxe definitiva coa data límite de 30 de outubro.
  - g. Ao marxe do procedemento xeral descrito, o estudiantado poderá, así mesmo, desenvolver un proxecto sobre un tema específico do seu interese, debendo contactar directamente cun membro do profesorado do centro que acceda a levar a dirección do devandito TFG. Este procedemento “bilateral” terá un prazo especial e único ao inicio de cada curso académico polo que non poderá empregarse polo estudiantado que se matricule no TFG durante o prazo de ampliación de matrícula. O procedemento será o seguinte:
    - i. O estudiantado presentará a correspondente solicitude bilateral no formulario correspondente (anexo II), asignado pola dirección do TFG e no prazo establecido, que será anterior ao prazo de solicitude para a oferta xeral.
    - ii. O centro introducirá esta información en Sigma para que este alumnado xa non estea incluído no procedemento xeral de oferta e asignación.
    - iii. Esta asignación bilateral publicase na listaxe provisional e definitiva á que se fai referencia con anterioridade.
    - iv. Para o profesorado, estes TFG bilaterais non computarán a efectos do número de TFG que debe ofertar cada curso académico para asegurar que a demanda sexa cuberta.
    - v. O profesorado poderá aceptar un máximo de cinco TFG bilaterais en cada curso académico.
    - vi. Seguirase o “Procedemento de xestión dos TFG na aplicación Sigma”, segunda a normativa vixente.
3. O procedemento descrito realizarse coa antelación suficiente para permitir a realización e defensa do TFG no período previsto, garantido a igualdade de oportunidades entre o alumnado para optar ás propostas e entre o profesorado para ofertar temas e actuar como director.

## **Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos**

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG corresponderá á persoa autora do traballo, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.
2. En calquera caso, e se así o considerasen a persoa titora ou o/a estudante, adoptaranse as medidas necesarias que garantan a confidencialidade dos TFG durante o proceso de oferta, realización, depósito e defensa dos mesmos. Estas medidas deberán aplicarse logo da solicitude ao decanato do centro por parte do/da docente que dirixa o traballo, do/da estudante autor/a do mesmo ou de ambos.

As instrucións e medidas específicas poderán consultarse no Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento dos traballos fin de grao e fin de mestrado na UDC.

En atención ás causas alegadas, o decanato do centro emitirá unha resolución motivada sobre a procedencia da solicitude e, se é o caso, das medidas a adoptar no prazo máximo de 7 días, indicando especialmente os límites a ter en conta no momento do depósito do traballo e do seu envío ao tribunal avaliador, durante a defensa e a avaliación, tendo en conta a obrigatoriedade de que o acto de defensa sexa público, así como na publicación do TFG no RUC, se procede.

3. En materia de prevención de riscos, atenderase ao establecido na normativa de UDC.

## **CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación**

### **Artigo 7. Defensa do TFG**

1. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o / a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes aos propios TFG.

No caso dos programas de mobilidade ou dos programas de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico estarase ao previsto regulamentariamente. Os programas de simultaneidade recollerán na súa normativa específica se, para a defensa dos TFG, é necesario ter superados todos os créditos correspondentes aos dous plans de estudos, agás o propio TFG, ou se, pola contra, é suficiente con ter superados os créditos dun dos títulos que o integran para poder defender o seu correspondente TFG.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que

deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidente/a do tribunal que avalíe o TFG poderá solicitar ao/á estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFG non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.
3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFG realizarase exclusivamente a través da aplicación SIGMA, de acordo coas seguintes directrices xerais:
  - a. Rematado o TFG, o estudantado accederá a Sigma para depositar electrónicamente o TFG no prazo establecido, formalizando a súa solicitude de defensa e confirmando a información correspondente.
  - b. A dirección do TFG revisará a documentación final depositada polo estudantado, deixando constancia, de ser o caso, das observacións académicas oportunas.
4. Para a defensa e avaliación do TFG o estudantado disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.
5. As convocatorias de defensa do TFG realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente. Especificamente, haberá unha convocatoria en febreiro, outra en xuño e unha terceira en setembro. Deste xeito, se garante que o estudantado de grao que finalice a súa titulación no mes de xullo poida dispor do prazo de preinscrición ordinario establecido na normativa para os estudos de mestrado.

O centro determinará ao inicio do curso académico o calendario con tres prazos de entrega e defensa dos TFG (una en setembro, outra en febreiro e unha terceira en xuño). Deste xeito, se aseguran as dúas oportunidades de defensa por curso académico para cada estudante e igualmente se respectan as datas límite de sinatura e entrega de actas establecidas no calendario académico oficial.

6. A defensa do TFG realizarase en acto público, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento. En relación á modalidade de defensa:
  - a. O estudantado matriculado en modalidade presencial deberá defender os seu traballo de forma presencial.
  - b. O estudantado matriculado en modalidade virtual defenderá o seu traballo de forma virtual.
  - c. Excepcionalmente, e por causa debidamente xustificada, o estudantado poderá solicitar a defensa do seu TFG nunha modalidade diferente á recollida nos puntos anteriores. Para tal fin, presentará unha solicitude motivada e debidamente acreditada e segundo a normativa da UDC ante

o/a decano/a do centro, quen a resolverá unha vez comprobado que se cumpren as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen a modalidade de defensa. Esta solicitude presentárase no mesmo prazo existente para a solicitude de defensa do TFG. O prazo de resolución será de catro días dende a súa solicitude.

7. A defensa dos TFG terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico.
  - a. En todos os casos a defensa será oral en calquera dos idiomas empregados na impartición do grao, aínda que necesariamente o resume deberá realizarse en inglés. O alumnado pertencente ao grupo plurilingüe/inglés debe realizar e defender o seu TFG obrigatoriamente en inglés.
  - b. O estudantado disporá dun tempo máximo de 15 minutos no que deberá expoñer o resumo, obxectivos, metodoloxía, contido e conclusión do seu TFG.
  - c. Con posterioridade á exposición, o estudantado atenderá as preguntas, suxestións e/ou comentarios dos membros do tribunal
8. As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFG de acordo co plan de estudos e co acordado pola comisión competente en materia de TFG.

### **Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG**

1. Os TFG serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin.
2. Cada tribunal estará formado, como mínimo, por tres persoas titulares con docencia no título e os correspondentes suplentes. O/a director/a do TFG non poderá formar parte do tribunal. Os tribunais serán nomeados polo centro ao inicio de cada curso académico. En cada prazo de defensa actuará o número de tribunais necesarios de acordo co número de TFG que se presenten e a súa temática.

Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza as funcións de secretaria/o. O resto dos membros terán a consideración de vogais. A/o docente de maior categoría e antigüidade actuará como presidenta/e e o de menor como secretaria/o. Ambas/os exercerán como tales en todas as actuacións do tribunal.

3. Os TFG serán avaliados seguindo o seguinte esquema:
  - a. A dirección valorará o traballo tendo en conta os seguintes aspectos: (1) aspectos formais (20% da nota); (2) contidos (60% da nota) e (3) proceso de realización (20% da nota).

- b. O tribunal valorará a exposición pública do traballo mediante a rúbrica establecida no anexo III.
  - c. O tribunal emitirá a cualificación final, que será o resultado da media ponderada da valoración da presentación polo tribunal (20%) e da proposta de dirección do traballo (80%). En caso de co-dirección, terase en conta a media da cualificación outorgada polas/os directoras/es.
4. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o estudantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.
5. No caso de a/o estudante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Enviarase unha copia deste informe á/ás persoa/s que dirixiron o TFG.
6. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos traballos fin de grao levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da Universidade da Coruña.
7. Unha vez constituídos, os tribunais de avaliación establecerán, dentro do marco establecido pola Facultade, o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos traballos de fin de grao e a orde de exposición dos/as estudantes (Anexo IV). Esta información farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade.

A resolución de posibles incidencias será responsabilidade da/o presidenta/e.

A custodia da documentación e a emisión e sinatura das actas corresponderá á/o secretaria/o.
8. Na presentación oral, o estudantado contará cun tempo mínimo de dez minutos un máximo de quince e o tribunal doutros cinco a quince minutos para o debate, comentarios e preguntas.
9. O Centro dará o visto e praxe aos traballos que serán publicados no repositorio institucional da Universidade da Coruña (RUC) e fará unha selección dos traballos que teñan una cualificación igual o superior a nove (9). Para isto, será preceptivo a autorización tanto da dirección como do estudantado autor/a do TFG.

## **CAPÍTULO V. Disposicións finais**

### **Disposición derogatoria. Derrogación normativa**

Quedan derogados os seguintes regulamentos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento:

## **Regulamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Turismo**

(Aprobado pola Xunta de Facultade de Filoloxía de 26 de febreiro de 2014, modificado pola Xunta de Facultade de Filoloxía de 20 de outubro de 2017 e de 30 de maio de 2018, modificado pola Xunta de Facultade de Turismo de 15 de xullo de 2022, e modificado pola Comisión de TFG da Facultade de Turismo o 17 de xullo de 2023. Incluída emenda aprobada pola CAD o 26 de xuño de 2024)

### **Disposición final primeira. Habilitación**

Facúltase á comisión de TFG do centro para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas.

### **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación a partir do curso académico seguinte ao da súa publicación

A decana da Facultade de Turismo

Rosa María Mariz Pérez

## **ESTRUCTURA TFG:**

1. Capa, que incluíra, obrigatoriamente, o logotipo e o nome da Universidade, o nome da Facultade, a denominación do grao, o título do traballo, o nome do autor ou da autora, o nome do director ou da directora e o ano de presentación. Non se numerará.
2. Índice do traballo con paxinación.
3. Resumo do traballo (en castelán ou galego e en inglés), que dará conta necesariamente de obxectivos, metodoloxía, unha síntese dos contidos e as conclusións e será aproximadamente de 500 palabras.
4. Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada.
5. Traballo.
6. Conclusións.
7. Referencias bibliográficas (estilo APA)
8. Anexos (se os houber).

O Traballo de Fin de Grao terá unha extensión mínima de 9 000 e máxima de 11 000 palabras. Para o cómputo non se terán en conta os apartados 1, 2, 3, 7 nin 8.

Presentarase en formato A4, con marxes de 2,5 cm, entreliñado dobre e letra de 12 puntos. A paxinación dos apartados 2 e 3 realizarase en numeración romana.

Recóllese a continuación o modelo de portada:



# Título completo do traballo de fin de grao

Autor/a: Nome Apelido Apelido

---

GRAO EN TURISMO

Traballo de fin de grao / Ano

Dirección: Nome Apelido Apelido





Grao en Turismo

Tribunal número N<sup>o</sup>

Autoría do traballo

Apelidos	Nome

Liña de traballo:	
Título do traballo:	

VALORACIÓN DA DEFENSA

		Sobre 10	Ponderación
1. Exposición (35 %)	- Axustada ao tempo - Clara e estruturada - Corrección e adecuación lingüística		0,0
2. Contido do discurso (35 %)	- Capacidade de síntese - Atención aos aspectos relevantes do traballo		0,0
3. Resposta ás observacións do tribunal (15 %)	- Resposta axeitada a todas as observacións e preguntas		0,0
4. Utilización de medios e materiais de apoio (15 %)	- Utilización de forma efectiva e pertinente de medios audiovisuais e/ou materiais de apoio		0,0
MEDIA PONDERADA:			0,0
TOTAL PONDERADO (media ponderada × 0,2):			0,0

Observacións

--

A Coruña, de de 202

A/o presidenta/e

A/o vogal

A/o secretaria/o

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

**Grao en Turismo**

**Tribunal número**

Lugar:	Data:
Hora de comezo:	Hora de finalización:

Asistentes:


ORDE DO DÍA:

1. Constitución do tribunal
2. Criterios de avaliación
3. Determinación da data, hora e lugar para o acto de defensa dos TFG
4. Relación ordenada das intervencións do estudantado

ACORDOS ADOPTADOS:

1. Constitúese o tribunal cos seguintes membros:
  - X, presidenta/e
  - Y, vogal
  - Z, secretaria/o
2. Establecer os seguintes criterios da avaliación:
  - Exposición: axustada ao tempo, clara e estruturada e correcta e adecuada nos aspectos lingüísticos (35%)
  - Contido do discurso: capacidade de síntese e atención aos aspectos relevantes do traballo (35%)
  - Resposta axeitada a todas as observacións e preguntas do tribunal (15%)
  - Utilización de forma efectiva e pertinente de medios audiovisuais e/ou materiais de apoio (15%)
3. Establecer que os TFG asignados a este tribunal na oportunidade de *mes* de 2020 sexan defendidos o día *de mes* de 2020 a partir das *horas* na sala *da* Facultade de Turismo.
4. Convocar os/as estudantes á defensa dos seus traballos segundo a seguinte táboa:

<i>Apelidos e nome da/o estudante</i>	<i>Data</i>	<i>Hora</i>



<i>Apelidos e nome da/o estudante</i>	<i>Data</i>	<i>Hora</i>

A/o secretaria/o

V. e pr. da/do presidenta/e

Asdo.:

Asdo.: